

UNIDADE 3:

O LIBERALISMO

1. Introducción

O liberalismo é unha das ideoloxías clave de toda a Idade Contemporánea. Xorde entre os séculos XVII e XVIII inspirado polas ideas da **Ilustración**, e en clara oposición ao **Antigo Réxime**. Constitúe a base política, económica e social da modernidade, ao representar os intereses da **burguesía**, unha clase social en ascenso que aspiraba a acabar cos privilexios de nobreza e clero.

A expansión das ideas liberais ao longo de todo o século XIX fixo posible a implantación de **Estados constitucionais** en gran parte de Europa e América, transformando radicalmente a organización política, a sociedade e a economía.

2. Principios teóricos do liberalismo

- **Soberanía nacional**: unha das principais críticas que o liberalismo facía ao Antigo Réxime estaba relacionada coa soberanía real baseada na teoría do dereito divino dos reis. Os liberais sostíñann que **a soberanía residía na nación**, é dicir, no conxunto dos cidadáns dun país. Isto significaba que o poder político non viña de Deus nin do monarca, senón da vontade colectiva expresada polos representantes do pobo.
- **División de poderes**: para evitar posibles abusos de poder, o barón de Montesquieu defendía na súa obra *O espírito das leis* (1748) unha **división de poderes** tripartita:
 - ✓ O poder **lexislativo** encárgase de elaborar, debater e aprobar, no nome da nación, as leis que regulan a vida da sociedade. Este poder corresponde ao Parlamento do país, composto polos representantes escollidos.
 - ✓ O poder **executivo** encárgase de aplicar e facer cumprir as leis aprobadas polo poder lexislativo, gobernar o Estado e dirixir a política interior e exterior. O poder executivo recae, polo tanto, no Goberno (ou no rei, nalgúns sistemas de monarquía constitucional, pero sempre sometido á lei).

- ✓ O poder **xudicial** encárgase de interpretar as leis e impartir xustiza, resolvendo conflitos entre cidadáns ou entre estes e o Estado. O poder xudicial estaría nas mans de tribunais e xuíces independentes, que garanten a imparcialidade da xustiza.

Esta organización tripartita dos poderes do Estado pretendía impedir o absolutismo e asegurar un equilibrio entre as institucións, abrindo paso a novas formas de goberno máis representativas.

- **Sociedade de clases**: o liberalismo defendía un cambio profundo na organización social, acabando coa sociedade estamental característica do Antigo Réxime, na que a pertenza a un grupo (nobreza, clero ou Terceiro Estado) viña determinada polo nacemento e implicaba diferentes dereitos e obrigas.

En cambio, os liberais promoveron unha **sociedade de clases**, baseada na **igualdade xurídica**, polo que todos os cidadáns eran iguais ante a lei. A posición dun individuo xa non dependía da súa orixe, senón da súa capacidade económica, do seu traballo e da súa propiedade, é dicir, do seu capital.

Isto supuxo a desaparición formal dos privilexios da nobreza e do clero, aínda que na práctica seguiron conservando gran influencia. A **burguesía**, pola súa parte, converteuse na nova clase dominante, pois era o grupo que tiña o capital e a capacidade de investimento.

- **Constitucións**: no plano institucional, o liberalismo cristalizou na redacción de **Constitucións**, que se converteron en símbolos da nova orde política. A Constitución é a **lei suprema** do Estado, e establece tanto a organización dos poderes como os dereitos e obrigas básicos dos cidadáns.

A diferenza das leis ordinarias, a Constitución posúe un carácter **fundamental e estable**, xa que expresa os **principios nos que se basea todo o sistema político**, de modo que se debe manter independentemente dos cambios de goberno que experimente un país. Ademais, recolle unha serie de **dereitos e liberdades**: liberdade de expresión, de prensa, de reunión, de conciencia e relixión, dereito á propiedade privada, á seguridade xurídica...

As primeiras constitucións, como a dos Estados Unidos (1787) ou Francia (1791), serviron de modelo para moitas outras en Europa e América. En España, a **Constitución de Cádiz de 1812** recolleu estes ideais liberais, establecendo a soberanía nacional, a división de poderes e a igualdade legal.

→ **Liberalismo económico:** a variante económica do liberalismo opoñíase ás prácticas do mercantilismo e da economía feudal propia do Antigo Réxime.

O pensador escocés **Adam Smith**, coa súa obra *A riqueza das nacións* (1776), estableceu as bases do **capitalismo moderno**. Defendía que a economía debía rexerse polo principio da **libre competencia**, regulada pola “man invisible” do mercado, é dicir, pola lei da oferta e da demanda.

Os principios fundamentais deste modelo eran:

- ✓ Defensa da **propiedade privada** como motor de riqueza e progreso.
- ✓ Promoción do **libre mercado**, sen trabas nin monopolios.
- ✓ Redución da intervención do Estado na economía (*laissez faire, laissez passer*), limitándoa a garantir a seguridade, a xustiza e certas infraestruturas básicas.

Este sistema favorecía claramente á burguesía, propietaria do capital, e permitiu o desenvolvemento da **Revolución Industrial**, convertendo o liberalismo económico no modelo dominante do século XIX.

Hai que sinalar que o **liberalismo non foi unha ideoloxía uniforme**, senón que deu lugar a **dúas correntes principais**, diferenciadas pola súa concepción da soberanía e do grao de participación política que recoñecían á cidadanía:

- **Liberalismo doutrinario:** defendido polas elites burguesas máis conservadoras, apoiaba a soberanía compartida entre o rei e o parlamento, co obxectivo de limitar o poder real pero sen entregar todo o poder á nación. Defendía un **sufrexio censatario**, é dicir, só podían votar aqueles con determinado nivel de riqueza ou propiedade. Representaba os intereses da burguesía acomodada e da aristocracia que se adaptou mellor ao sistema liberal.
- **Liberalismo democrático:** máis avanzado, defendía a **soberanía nacional plena** e reclamaba unha participación política máis ampla. Apostaba polo **sufrexio universal masculino** como expresión da vontade da nación e pola ampliación dos dereitos individuais. Esta corrente estaba máis próxima ás clases medias e aos sectores populares urbanos.

A tensión entre estas dúas correntes marcou gran parte da vida política europea e española do século XIX, dando lugar a enfrontamentos parlamentarios e a diferentes modelos constitucionais.

3. Principais pensadores do liberalismo

O conxunto de ideas liberais foron elaboradas por diversos pensadores:

- **John Locke** (século XVII): este pensador inglés é considerado o pai do liberalismo político. Defendeu que os individuos posúen dereitos naturais inalienables (vida, liberdade e propiedade) e que o goberno existe por un contrato social para garantir eses dereitos.
- **Montesquieu** (século XVIII): malia a súa orixe nobre, este pensador francés formulou a teoría da separación de poderes (lexislativo, executivo e xudicial) como garantía contra a tiranía.
- **Jean-Jacques Rousseau** (século XVIII): aínda que máis próximo a posturas plenamente democráticas e igualitarias, este teórico de orixe suíza influíu moito no liberalismo coa súa defensa da soberanía popular.
- **Adam Smith** (século XVIII): este economista escocés é considerado o pai do liberalismo económico, xa que foi profundamente defensor do libre mercado e da libre competencia.
- **John Stuart Mill** (século XIX): é representante dun liberalismo máis avanzado, que trataba de corrixir problemas derivados da súa implantación. Ademais de defender as liberdades individuais, destacou pola súa defensa da igualdade de xénero e pola necesidade dunha intervención limitada do Estado para corrixir desigualdades excesivas.

4. Implantación do liberalismo

A implantación do liberalismo significou unha transformación profunda da vida política, social e económica:

- No ámbito político, creáronse **monarquías parlamentarias** e **repúblicas constitucionais**, baseadas na soberanía nacional e na separación de poderes.
- No ámbito social, consolidouse unha nova elite dirixente, a **burguesía**, que desprazou á nobreza e ao clero como grupo dominante.
- No ámbito económico, impúxose o **capitalismo liberal**, favorecendo a industrialización, o desenvolvemento do comercio internacional e a consolidación dun sistema económico global.
- Ademais, os **dereitos individuais** proclamados polas constitucións foron asentando unha cultura política que serviría de base para os movementos democráticos e sociais posteriores.

A nivel histórico, o liberalismo estivo na base das grandes transformacións políticas dos séculos XVIII e XIX. Inspirou a **Revolución Americana (1776)** e a **Revolución Francesa (1789)**, que serviron de modelo para outros procesos posteriores. Durante o século XIX impulsou as chamadas **Revolucións Liberais**, como as de **1820, 1830 e 1848**, que supuxeron a progresiva caída do absolutismo en Europa e a expansión dos Estados constitucionais. Ademais, no contexto español, a **Constitución de Cádiz de 1812** representou un fito fundamental na difusión das ideas liberais, marcando o camiño da transición cara ao Estado liberal, que se consolidará ao longo do século XIX.